

Boletín Nº 40. Miércoles, 18 de febrero de 1998

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DA VÍA PÚBLICA PARA FACILITA-LA ENTRADA A GARAXES PARTICULARES

Artigo 1.º .-Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 117, en relación co 41.b), ámbolos dous da Lei 39/1988, do 28 de decembro, regulamentadora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola utilización privativa da vía pública para facilita-la entrada a garaxes particulares, que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2.º .-Obrigados ó pagamento.

Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza os que se beneficien da utilización privativa da vía pública despois de teren obtido a utilización do Concello.

Artigo 3.º .-Contía.

As tarifas a aplicar para o aproveitamento privativo da vía pública serán as seguintes:

- 1.-Por concesión do aproveitamento a pagar por unha soa vez: 10.000 pesetas.
- 2.-Prezo público mensual: 500 pesetas.

Artigo 4.º .-Bonificacións.

Dada a natureza do aproveitamento, non proceden bonificacións.

Artigo 5.º .-Normas de xestión.

A exacción desagregarase en dous momentos, por unha soa vez, ó obte-la concesión (10.000 pesetas) e despois con carácter anual mentres dure esta (6.000 pesetas).

Artigo 6.º .-Infraccións e sancións tributarias.

A defraudación sancionarase con multas ata o duplo das cotas que se teñan deixado de percibir pola utilización privativa do dominio público.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e se teña por transcorrido o prazo a que fai referencia o artigo 70.2, en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, regulamentadora das Bases do Réxime Local, e comezará a se aplicar a partir do día 1 de xaneiro de 1998, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Brión, 6 de febreiro de 1998.

O alcalde, José Luis García García.